

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 01 DE SETEMBRO DE 2015**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DOCE HORAS E TRINTA E OITO MINUTOS** do día **UN DE SETEMBRO DE DOUS MIL QUINCE**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **D. MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **D. KLAUS BREY MONTAÑA**, os concelleiros, membros deste órgano, **D. JESUS TABOADA LÁZARA** e **D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> JOSÉ FERNÁNDEZ RODRIGUEZ**, e da Secretaria da Corporación **MARIA CACHARRO LOPEZ**, que suscribe e da fe. Asisten tamén o Interventor municipal **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA** e, por telo autorizado o Alcalde, a concelleira **PILAR PEÓN IGLESIAS**.

Non asiste: **D<sup>a</sup> ANA LUISA GONZALEZ COSTA**

O Sr. Presidente declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

**1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: EXTRAORDINARIA DO 25 DE AGOSTO DE 2015.**

**2º.- CONTRATACIÓN**

**2.1.- SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE MOBILIARIO PARA A ADECUACIÓN E MELLORA DA ZONA DESTINADA A MERCADO AMBULANTE EN BANDEIRA: CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS**

**2.2.- SERVIZO DO PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO NO CEIP DE SILLEDA: CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS**

**2.3.- OBRAS DE 'INSTALACIÓN DUN ASCENSOR NA CASA DA CULTURA DE SILLEDA': CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS**

**1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: EXTRAORDINARIA DO 25 DE AGOSTO DE 2015**

Preséntase para a súa aprobación a acta da sesión extraordinaria que tivo lugar o 25 de agosto de 2015. Non se producen intervencións, quedando aprobada a dita acta.

**2º.- CONTRATACIÓN**

**2.1.- SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE MOBILIARIO PARA A ADECUACIÓN E MELLORA DA ZONA DESTINADA A MERCADO AMBULANTE EN BANDEIRA: CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS**

*Aprobado na XGL do 15/09/2015*  
*Carla*



Á vista das ofertas presentadas en prazo polas empresas invitadas a participar no procedemento negociado sen publicidade para adxudicar as obras de “Instalación e suministro do mobiliario para a adecuación e mellora da zona destinada a mercado ambulante en Bandeira”, segundo o expediente aprobado na XGL do 04/08/2015, procédese á cualificación previa consistente no exame limitado ás declaracións responsables e o exterior dos sobres presentados xunto coas declaracións responsables, e o Alcalde ordena a apertura dos sobres coas ofertas, co seguinte resultado:

EMPRESA	Oferta Económica	Prazo Execución	Prazo Garantía
Intecner SL	34.876,03 € + IVE	81 DÍAS	6 MESES
Construcciones Míguez Xestoso, SL	34.952,78 € + IVE	3 MESES	Non oferta
Construcciones Fernández Sarmiento, SL	34.952,78 € +IVE	3 MESES	Non oferta

Á vista das ofertas presentadas e da avaliación da documentación correspondente aos criterios de valoración establecidos no prego, todos eles ponderables de maneira automática, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións conferidas pola DA 2ª e o artigo 110 do TRLCSP, delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros, ACORDA:

PRIMEIRO. Clasificar as proposicións presentadas polos candidatos no procedemento de adxudicación, polo procedemento negociado sen publicidade, das obras de “Instalación e suministro do mobiliario para a adecuación e mellora da zona destinada a mercado ambulante en Bandeira”, atendendo á ponderación obxectiva dos criterios establecidos nos pregos, de conformidade coa seguinte orde decrecente:

- Intecner SL
- Construcciones Míguez Xestoso SL
- Construcciones Fernández Sarmiento SL

SEGUNDO. Notificar e requirir á empresa INTECNER S.L., licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, para que presente, no prazo de dez días a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a documentación acreditativa da posesión e validez dos documentos esixidos no apartado primeiro do artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a documentación xustificativa de encontrarse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á

execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

## **2.2.- SERVIZO DO PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO NO CEIP DE SILLEDAS: CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS**

Visto que se aprobaron, mediante acordo desta XGL do día 29/07/2015, o expediente e os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas para a adxudicación do contrato de servizos do PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO no CEIP de Silleda, por procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación e tramitación urxente, e visto que tamén se procedeu a autorizar o gasto que supón a súa adxudicación.

Visto que o día 05/08/2015 foi publicado un anuncio de licitación por prazo de OITO DÍAS no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra*, e no perfil de contratante do órgano de contratación, co fin de que os interesados presentasen as súas proposicións.

Visto que durante a licitación foron presentadas as seguintes proposicións:

1. Núm. de rexistro de entrada: 3677. Empresa: LiiBéLuLa, SC.
2. Núm. de rexistro de entrada: 3690. Empresa: Asociación para o Desenvolvemento Social da Comarca do Deza – ACODE.
3. Núm. de rexistro de entrada: 3767. Empresa: Maisescola XXI, actividades deportivas, culturais e de ocio, SC.
4. Núm. de rexistro de entrada: 3777. Empresa: Conforocio Consultora, SL.

Visto que, logo de declarar excluída a proposición de Conforocio Consultora, SL, por non cumprir co establecido no artigo 60 apartado d) do TRLCSP e da apertura dos sobres coa documentación correspondente aos criterios de valoración subxectiva, todo elo na sesión do 25/08/2015, e da recepción do informe de valoración técnica, a mesa de contratación que tivo lugar o día 31/08/2015 procedeu á apertura dos sobres coa documentación correspondente aos criterios de valoración obxectiva e oferta económica, e realizou unha proposta de clasificación das ofertas pola orde decrecente de puntuación.

Polo exposto, e de acordo coa dita proposta, ao abeiro da disposición adicional segunda e o artigo 151.3 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, a Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos membros presentes ACORDA:

**PRIMEIRO.** Declarar excluída a proposición de Conforocio Consultora SL, do procedemento de licitación do contrato de servizos do PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO no CEIP de Silleda, por non cumprir co establecido no artigo 60 apartado d) do TRLCSP.



SEGUNDO. Clasificar as proposicións presentadas polos licitadores atendendo a proposta levada a cabo pola mesa de contratación, segundo a seguinte orde decrecente:

1. Maisescola XXI, actividades deportivas, culturais e de ocio, SC.: 8,0500 puntos.
2. Asociación para o Desenvolvemento Social da Comarca do Deza – ACODE: 7,8874 puntos.
3. LiiBéLuLa, SC.: 7,3318 puntos.

TERCEIRO. Requerir a Maisescola XXI, actividades deportivas, culturais e de ocio, SC, licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, que presente no prazo de CINCO DÍAS contados desde o seguinte a aquel en que reciba o requirimento a documentación acreditativa da posesión e validez dos documentos esixidos no punto primeiro do artigo 146 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, así como a documentación xustificativa de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou que autorice o órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometese a dedicar ou adscribir á execución do contrato, de acordo co artigo 64.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente.

### 2.3.- OBRAS DE 'INSTALACIÓN DUN ASCENSOR NA CASA DA CULTURA DE SILLEDA': CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS

Á vista das ofertas presentadas en prazo polas empresas invitadas a participar no procedemento negociado sen publicidade para adxudicar as obras de "Instalación ascensor na Casa da Cultura de Silleda", segundo o expediente aprobado na XGL do 21/07/2015, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 25/08/2015 procedeuse á cualificación previa consistente no exame limitado ás declaracións responsables e o exterior dos sobres presentados xunto coas declaracións responsables, e á apertura dos sobres coa documentación cuxa ponderación depende dun xuízo de valor, co seguinte resultado:

EMPRESA	Oferta Económica	Prazo Execución	Melloras	Prazo Garantía
Ascensores ENOR, SA	50.461,62 € + IVE	2 meses e tres semanas	Non oferta	Non oferta
ENDENOR Mantenimiento y Servicios, SL	50.461,62 € + IVE	2,5 MESES	Suministro e instalación dun banco empotrado no muro de formigón, na cara posterior e no alzado lateral dereito da caixa do ascensor	Non oferta
Construcciones Fernández Sarmiento, SL	50.461,62 € + IVE	3 MESES	Non oferta	Non oferta

Á vista do informe emitido o 01/09/2015 polo arquitecto Martín Pereiras Corzón, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións conferidas pola DA 2ª e o artigo 110 do TRLCSP, delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros, ACORDA:

PRIMEIRO. Clasificar as proposicións presentadas polos candidatos no procedemento de adxudicación, polo procedemento negociado sen publicidade, das obras de "Instalación ascensor na Casa da Cultura de Silleda", atendendo á ponderación dos criterios establecidos nos pregos, de conformidade coa seguinte orde decrecente:

- ENDENOR Mantenimiento y Servicios SL
- Ascensores ENOR SA
- Construcciones Fernández Sarmiento, SL

SEGUNDO. Notificar e requirir á empresa ENDENOR Mantenimiento y Servicios, SL, licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, para que presente, no prazo de dez días a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a documentación acreditativa da posesión e validez dos documentos esixidos no apartado primeiro do artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a documentación xustificativa de encontrarse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.


E non habendo máis asuntos que tratar, pola presidencia levántase a sesión ás doce horas e cincuenta e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretaria, dou fe e certifico.

Silleda, a 1 de setembro de 2015

Vº e Prace  
O ALCALDE,

  
Manuel Cuiña Fernández

A SECRETARIA

  
María Cacharro López

